

**Claudia Delso Carreira**

Concelleira do Grupo Municipal da Marea Atlántica

Nacín na Coruña no 1986. Crecín entre os barrios da Agra e Labañou. Teño lembranzas dunha outra cidade posible, a que se fai colectivamente. Son licenciada en Historia da Arte e Posgrao en Xestión Cultural e Cooperación Internacional. Estudei entre as universidades de Santiago de Compostela, Bologna (Italia) e Barcelona (UB e UOC).

Formei parte da coordinación de diversos proxectos de mediación e cooperación cultural a nivel estatal e internacional, nomeadamente no mov-s 2014 e no Festiclown Palestina 2011, así como de proxectos de cultura e desenvolvemento comunitario nos campamentos de refuxiadas saharauis, e na cidade da Coruña no Espazo Social de Intervención Artística Casa Tomada.

No anterior mandato fun Concelleira de Participación e Innovación Democrática do Concello da Coruña con competencias en políticas de mocidade. Aprendín que é posible facer política e políticas públicas honestas e transformadoras e que a participación é un dereito irreversible.